

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

**A escrita sen límites**



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

**A escrita sen límites**



MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

**A escrita sen límites**

Edición e coordinación de Ana Romani

A Coruña, 17 de marzo de 2026



© Desta edición: Real Academia Galega

© Dos textos: María Xosé Queizán  
e autoras e autores

© Deseño: Pepe Barro

Maquetación: N. Cosme

Fotografías:  
Faro de Vigo  
Edicións Xerais  
María Xosé Queizán  
Margarita Ledo  
Fundación Penzol

Agradecemos especialmente a Mónica Bar  
e a Camiño Noia a súa axuda  
para reunir os materiais gráficos desta edición

ISBN: 978-84-17807-55-9

D.L.: C 326- 2026

<https://doi.org/10.32766/rag.459>



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



Deputación  
Pontevedra

Llanos. Faro de Vigo

## ALZAR A VOZ PARA FURAR O SILENCIO

Henrique Monteagudo

Presidente da Real Academia Galega

Cando se faga a historia das mulleres na Galicia contemporánea, María Xosé Queizán figurará nun lugar de honra polas súas achegas á formulación do pensamento e da práctica feminista.

O seu papel na organización deste movemento e no lanzamento de iniciativas de diverso tipo en pro do seu fortalecemento, articulación e difusión é unanimemente recoñecido. A súa voz, ao comezo case sen eco, foi sumando moitas voces que se tornaron un coro amplo e diverso, que hoxe conta cunha fenomenal capacidade de interpelación e mobilización social. Unha orquestra que entoa un cantar polifónico, harmonizado coas melodías da diversidade, a liberdade e a igualdade. Así, se cando ela comezou o feminismo era en Galicia un vagalume solitario e silandeiro, hoxe é un dos motores do cambio social e cultural no noso país, igual que acontece no mundo enteiro.

Con esta *plaquette* e co recital poético asociado rendemos merecida homenaxe a unha escritora, publicista e polígrafa que despregou o seu excepcional pulo creativo nunha obra copiosa e asombrosamente multifacética: ensaísta, narradora, articulista, dramaturga, tradutora, guionista, panfletista... Mais, sobre todo, celebramos a poeta vibrante, a un tempo enérxica e delicada, que envorcou a alma e o corpo no texto de obras como *Metáfora da metáfora*, *Despertar das amantes*, *Fóra de min*, os *IV poemas a Rosalía*, *Cólera* ou *Lesbiar*. A poeta, a muller, que alzou a súa voz para furar o silencio.

## POESÍA-PENSAMENTO, ESA DOA QUE ROLA ATÉ NÓS

Margarita Ledo Andión

Real Academia Galega

Os fragmentos que o corpo-arquivo trae para a cunca da man ao celebrarmos o día da poesía teñen como materia María Xosé Queizán, esa figura que nos levou cara á construción de espazos emancipados, de lugares que soerguen universos en paralelo ao patriarcado e que poden ser algo tan simple coma unha revista — *Festa da Palabra Silenciada*, 1983-2013 — ou as pequenas e grandes transgresións, tamén na literatura, a comezar pola lingua na que escribe — “lingua / único corpo que me pertence”, dixo ela —, e na decisión de confrontar aquel canon que, dende o mito de Narciso ao feminicidio, arrincou de nós a alma e mais a fala.

O real precisa viaxar polo imaxinario, pola expresión do desexo, pola intimidade da escrita para acceder á comprensión da súa urdime, para talvez devir un artefacto de liberación. O real debe ser ficcionado para ser pensado — insiste e insisto nesta cita de Jacques Rancière (2000) —, unha afirmación que tamén me leva cara a *Metáfora da metáfora*, a vivir as cousas e facer da experiencia situada: “... e cheira a Vigo nos quais parisinos”, o modo de transitar polo concreto cara á literatura a ras de pel, “a ras de terra”; cara ao verso que nos explica nesa doa que rola até nós:<sup>1</sup>

Escribo para enxendrame  
— coma se fose outra —  
no ovario do pensamento.  
Para darme a luz  
— e darme luz —  
deslumbrada polas propias palabras.

1 Citei estes versos de *Despertar das amantes* (1993) no meu ensaio *El cuerpo y la cámara* (2020).

Son moitas as mulleres que nos deron a ler María Xosé Queizán como autora de múltiples rexistros co corpo - carne como nó. Cito Marga Romero, para quen “fai poesía para gozarse no pensamento dende unha escrita tamén materialista”, mentres constatan nela a intelectual que vén para a praza e soergue en acto todas as diferenzas; que terma en continuo do seu “manifesto literario”, tal e como nomea Mar Boo a actitude creativa da Queizán; que escolle ser parte dunha estirpe de autoras que son, elas propias, o texto, remarca adoito Helena González ao tratar da erótica corpo - palabra na obra de quen hoxe nos convoca a través da crónica de resistencia en *Cólera* (2007), amizade en “Homenaxes” (2004), acusación e grito, “braga no chan”, en “Lei de Mercado” (2004), observante sempre coma nese verso de *Fóra de min* (1994), no que agroma a fibela do pasado no presente:

Bueno barato  
quero que te chames negro Panchito  
e veñas da man de Castelao.

Para alén das viaxes, da palpitación da alteridade, tiven a *chance* de partillar con María Xosé esa necesidade de estar na militancia nos anos setenta. Olleina, pola primeira vez, aló en Chaodarcas, no bautizado druídico de Iria Gala, a filla de Nemesio Barxa. Eu andaba a estudar en Barcelona xornalismo e devecíaa polos lugares informais de aprendizaxe, por esas xuntanzas conspirativas, metade festa, metade política, da resistencia á ditadura canda a organización activa, no ronsel, para o caso, do ideario

revolucionario que levaba o selo da loita nacional-popular. Lémbroa a cores, coa saia curta, sandalias de plataforma, sorriso, ollada fixa. Visiteina no 73 e xantei na súa casa, despois de preparar o paso de fronteira de Carmiña de Cangas para Francia — por un poema en *Cólera* (podedes coñecela —, porque o tardofranquismo afogaba nela e pensou en ir parar tamén un tempo, outra volta, a París. Por azar atopámonos na librería Alonso de Lugo cando ela arrecadaba datos para *A muller en Galicia* (1977), e con Bernardino Graña, a piques de publicar o libro, veu até Porto nos meus anos de exilio.

En 1980 asistín á presentación - debate de *Recuperemos as mans* que, na compañía de Camiño Noia, tivo lugar na galería Sargadelos de Santiago, e despois falamos da revista que María Xosé levaba soñando. No verán do 83 saía o primeiro número: “Gústame o deseño anque non sei por que...”, comentou. Ela, sentímolos en que a lemos, adoito precisa de saber o porqué. E faleille das escollas de composición, da grella invisíbel, do papel das imaxes, de todo o que tiña a ver coa tradición oculta da forma que acostumamos usar as mulleres. “Claro, por iso...”, dixo. Ese mesmo ano eu fun traballar para Barcelona e o azar seguiu a nos xuntar nos nefastos 80, co neoliberalismo a chuchar nas conciencias mentres Queizán explora, esculca, transita co seu tacón cada contribución do feminismo ao pensamento crítico.



María Xosé Queizán, Margarita Ledo, Camiño Noia e Xulián Maure. Berlín, 1989.

## VIGO - BARCELONA - BERLÍN

Nas ferias de Pascua do 1986, con algunhas amigas, ocupou o meu piso no barrio de Gràcia co fin de percorrer os lugares que despois darían *A semellanza* (1988); en 1989, após xusto da “caída do muro”, durante unha conversa en Vigo decidimos ir ate aló ver, e Cristal acolleunos en Berlín; no ano a seguir María Xosé aparece de novo en Barcelona, con Camiño Noia e Carme Blanco, para asistir á I Feira Internacional do Libro Feminista. Nesta *foto-costat* que lle pido a Joan Fontcuberta que saque, está a ledicia do encontro de Anna Turbau e meu con elas en viaxe de traballo.

E así, desta maneira, con idas e vindas fortuítas ou queridas, foise tecendo un ámbito de confianza mutua que se sustenta na andamiaxe que Didi-Huberman, dende Benjamin, define como o retorno dun pasado que alimenta o compromiso co futuro e o encontro segredo entre as xeracións precedentes e a nosa.

Andar, axexar, sospeitar, escribir... Rosalía, Kruckenberg, Xohana sempre no fardel. E a sabedoría de apostalo todo na palabra, en desbandar esa paisaxe que nos engole dende a ninfa Eco<sup>2</sup> con aquela escena de Narciso a se mirar nas augas e se prender de si, do canon de beleza que el mesmo perfila, mentres a ninfa, dentro das augas, préndase da voz de Narciso

2 Véxase *Ruta Remake*, un proxecto das artistas lituanas (ela e el) Nomedá Urbonas e Gediminas Urbonas (2002-2005). Dispoñible en <https://www.macba.cat/es/obra/r5048-ruta-remake/>

e a partir dese momento xa non será quen nin de desenvolver nin, polo tanto, de recoñecer a súa propia voz. Por iso Eco soamente repite. Por iso as mulleres estabamos condenadas a repetir e non poder contradicir o que di o varón. E nesa lagoa entrou, da cabeza aos pés, a autora:

¡Poeta  
déixame saír do texto!

A poética de María Xosé Queizán lúe en aspectos biográficos e reclama que abramos todos os sentidos á súa percepción, ao confronto cos espazos regrados, coa súa posta en solfa nos roles, nos valores incorporados, na incapacidade para decidir, na instrumentalidade do corpo, no discurso amoroso como retórica de submisión. Da súa man imos sentir ese lecer calmo da produción de nós mesmas, materia primixenia no medio e medio da foresta, canda o desasosego íntimo que interroga todas as certezas: como dei chegado ate aquí? Porque quizais todo estea oculto nun poema-diario, cronolóxico e fragmentado, a corcoser un cúmulo de instantáneas para, simplemente, nos dicir: esta obra fálavos de min.

Adoito, ao pensar en María Xosé, véxoa no mesmo modo en que se relata Hélène Cixous, como alguén cunha visión panorámica da súa / nosa época:

ao estar no balcón do noso piso en Orán — ou nas Travesas — estaba no balcón do século e mirábao desenvolverse, de maneira implacábel, tras de min, diante de min, ao meu redor, no futuro... e eu estaba dentro.



María Xosé Queizán, Anna Turbau, Margarita Ledo, Carmen Blanco e Camiño Noia en Barcelona, durante a *I Fira del Llibre Feminista* (1990). Foto: Joan Fontcuberta

Esta visión da súa / nosa época, dende espazos intermedios, de dentro para fóra coma as galerías e os balcóns, colle corpo na ollada en feminino, nesa ollada que trae a experiencia das mulleres para o centro da trama e que tronza o fío cos tipos e estereotipos que nos deturpan, desencarnan, banalizan. E que na poesía galega contemporánea temos a fortuna de festexar.

Resoen, agora para ti, amiga, as palabras que escribiches para Rosalía:<sup>3</sup>

Fuches condenada á valentía  
 Calar ou ser perversa  
 ¡Velaí!

### Referencias bibliográficas

- Ledo Andión, Margarita (2020). *El cuerpo y la cámara*. Cátedra: Madrid.
- Queizán, María Xosé (2004). *Non o abras como unha flor (Poesía reunida 1980-2004)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ranciére, Jacques (2000). *El reparto de lo sensible: estética y política*. Santiago de Chile: Lom.

3 “IV poemas a Rosalía”. *Boletín Galego de Literatura* 12, 1994.



## TEXTOS

Os poemas incluídos neste volume transcríbense das seguintes edicións:

*Metáfora da metáfora*. A Coruña: Espiral Maior, 1991.

*Non o abras como unha flor (Poesía reunida 1980-2004)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004.

*Cólera*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007.

Enguedellar a lingua na lingua gallada da serpe.  
Coa lingua de Lilith, falar coa voz de Lilith.

Velaquí a cerna da poesía de María Xosé Queizán.  
A contrafío. Achando na terra as tépedas covas,  
acubillo de Anne Sexton, pois ti es, Queizán,  
como tantas de nosoutras unha delas. A rentes  
da terra ao escolleres ser da terra, da Terra,  
antes que executar etéreos bater de ás. O poema  
é parte dunha obra que enarbora a sensualidade  
das mulleres, a irreverencia, a subversión.

Segues a ruta marcada pola serpe, e nosoutras  
seguímoste, mudando de pel se preciso for,  
escachando metáforas.

### **Marilar Aleixandre**

**PREFIRO** o bico da serpe  
aos etéreos aleteos dos páxaros.

Quero a terra en que reptas  
e me arrastro  
a cova na que moras  
e será a miña última morada.

Nas alturas voan as aves  
beleza do banal  
son fugaces como os ventos  
non deixan ronsel  
pasan  
tal vez volvan...

A serpe a ras de terra  
marca a ruta.  
Sigo tras dela.

Ti contempla as volutas das aves  
descobre o futuro nos seus airosos xiros.  
Eu non preciso máis presaxios  
que un bico de Lilith.

*Metáfora da metáfora (1991)*

Nunca pode unha quedar indemne cando escoita a olímpica voz de Queizán, ten o poder de anticiparse a todas as grandes preguntas que definen o actual presente e, probablemente, tamén o inminente futuro. Recordo quedar prendida deste versos, repetilos, como un lema de combate:

Non son perfume; son carne perfumada.

Aí está todo, nese rexeitamento da metáfora que xoga na nosa contra, dese logos patriarcal que nos converte en algo abstracto, escuro, indiferenciado e substituíble. Aquí pídese resignificar, pedir que o noso corpo importe, escribir desde o corpo e a diferenza para dar razón dunha subxectividade que precisa construírse con palabras, con discurso. Ledamente reescribilo todo, e diferente...

Contra a dualidade, un pensamento complexo que reivindica a alegría, Olímpica Queizán de corpo escrito!!

### **Rexina Vega**

### **LOGOS - GRITO**

La chair est triste hélas,  
e fai lu tous les livres.

*Mallarmé*

O logos - ánima non deixa sentir o corpo.

Quero inventar unha carne de palabras  
para enterrar o logos mortuorio  
odiosa lei dos padres  
divisora do corpo e da linguaxe.  
Matar a Esfinxe.  
Acabar co privilexio do espírito sobre o corpo.

Non hai corpo sen palabras  
grito.

Non son o «continente obscuro»  
nin misterio  
nin secreto velado  
velatorio  
harén.

Non son perfume; son carne perfumada.

Reclamo a lucidez, o anuncio público,  
a éxtase material.  
Ser pensadora de terra.

A carne é leda e con ela  
escribirei moitos libros.

*Despertar das amantes (1993)*

Hai algo máis de vinte anos, María Xosé Queizán díxome que aínda non a vira escribir coma un home. Con *Cólera* xa na rúa, e co libro na man, na súa casa, descubrinlle o intento nun dos nosos xogos literarios. Díxenlle: tirallo a palabra *Macho*, muda *Impetuoso* por *Con ímpeto*.

Agora que coñeces o segredo, facédeo.

Nesta nova versión, que cheguei a aprender de memoria, lemos moitas veces o poema, rindo e moi felices... Até a vitoria sempre, AMAR CHE GUEVARA!

### Marga do Val

### AMAR A CHE GUEVARA

As fotos do Che Guevara invaden a miña casa.  
Na cociña, no baño, o Che vixía  
cada movemento burgués.

Que obsesión, macho, din os camaradas,  
o teu é fascinación ideolóxica!  
Calo e non digo  
que o Che é o amor da miña muller.

Íspese cada mañá ante o voyeur de ollos sedutores  
e entra na ducha acompañada.  
*Ansiedad de tenerte en mis brazos.*  
Sobe con el á serra e  
veste como un papagaio  
para facerse ver.  
Vai de estrela roxa pinchada na súa boina  
ségueo polo monte cargándolle o fusil  
préndelle o puro, aspirando o aroma do seu nariz  
sensual como flores carnívoras  
traga o fume amargo na súa boca  
bebendo a revolución beixo a beixo.  
Entre orquídeas silvestres  
escoita engaiolada a cadencia rioplatense  
nas arengas de loita, doces  
mesmo co machete alzado  
guerrilleiro!  
doce mesmo cando tira a matar  
lume insurrecto de esperma.

A miña muller devece polo seu fusil!  
Recibe o lume en chafarices tenros  
a ollada sedutora como unha posta de sol.

Oh Che, bambú que torce e non creba  
como me gustas!  
cisma a miña muller ollando os pósters.  
Xa podes falar de odio ao imperialismo  
guerrilleiro!  
que a min sábesme a mel.

Beberei ata a vitoria sempre na túa boca.  
Nesta guerra inevitábel de corpos  
na revolución da carne  
a vitoria sempre é miña.

Impetuoso, eu, palmeira,  
entro na selva de sabas e de follas lascivas  
á noite  
saboreo os froitos substanciosos dos peitos  
beixo a súa vulva húmida dos bosques.  
Os seus gritos acordan exóticos paxaros  
e os nosos corpos entran no combate onde se morre  
[de pracer  
cando substitúo ao Che no leito.

*Cólera (2007)*



Hoxe reunímonos cunha dobre finalidade: celebrar e agradecer. Celebrar a traxectoria vital dunha muller excepcional e agradecer o seu legado, que transcende as páxinas dos libros para transformarse en acción, pensamento e faro para xeracións. Rrenderlle homenaxe a **María Xosé Queizán** é renderlle homenaxe á **Galicia inqueda**, a que pregunta, a que desafia os límites impostos, recoñecer a forza dunha voz que nunca se conformou cos papeis asignados e que, desde a literatura, o activismo e o pensamento, nos convidou a todos e a todas a imaxinar un mundo máis xusto, máis libre e máis noso. A súa vida é cartografía do compromiso. Como **novelista**, como **ensaísta e pensadora feminista**, como **lingüista e filóloga**, pioneira en sinalar as interseccións entre **nacionalismo e feminismo**, en reivindicar un país que non se podía construír deixando o seu pobo á marxe; a súa constante reflexión pública, testemuño dunha intelixencia afiada e dun compromiso inquebrantábel coa igualdade. Queizán é a **valentía**. A valentía de pensar diferente, de escribir sen concesións, de loitar nunha época especialmente difícil para as mulleres con voz propia. A súa coraxe iluminou camiños e fixo posible que hoxe moitas de nós esteamos aquí, con máis dereitos e máis liberdade.

Por todo isto, e por moito máis que o tempo non nos permite enumerar... **Grazas, María Xosé**. Grazas por non ter medo. Grazas por pórllle palabras ao noso silencio histórico. Grazas por crer, contra tantas evidencias, nun futuro mellor para Galicia.

**Manuel Forcadela**

## I

Cansa de errar polos faiados  
tropezando en palabras balorentas  
regresas ao bosque.  
Aferras no teu ventre  
un verbo  
coraxe lúcida  
rompente de rúidos universais.

Escribes con fame  
e con audacia  
unha fascinación.

Fuches condenada á valentía.  
Calar ou ser perversa.  
¡Velaí!

*IV poemas a Rosalía (1994)*

“Porca Miseria” foi publicado hai máis de vinte anos, pero está máis vixente ca nunca (ALTRI...). Trátase dun berro necesario, un SOS ateigado de reivindicación e denuncia arredor das miserias humanas para sacudir nas consciencias dende a dimensión rítmica do poema. Son versos libres, coma o aire no que pairan os sentimentos, que pregoan a destrución do ecosistema a modo de manifesto poético-político, que falan desa conciencia da autora “de ser un elo na cadea universal” que a empuxa a actuar para que o mundo non se deteña, “para non interromper o labor”; e faino dende esa irónica discrepancia de nos convidar á barbarie conseguindo, así, unha maior eficacia. Imaxino a intrépida activista nunha multitudinaria manifestación e, arroupada polo grito unánime de

Porca miseria!,

comeza a ler o potente manifesto.

### Fina Casalderrey

### PORCA MISERIA

Polas noites xorden entre o lixo  
e folgan  
extrañas criaturas da xeración do desperdicio.  
Teñen figura humana.  
Ninguén diría que carecen de conciencia.  
Descenden da escoura neoliberal  
dos detritos que emporcan os ríos e os mares  
dos venenos mortíferos  
dos fumes de fascismo que saen das chemineas das  
[fábricas  
da explotación.  
Son seres que consumen.  
Obedecen ordes de destrución.

¡Porca Miseria!

¡Fuma, fuma, cheminea de tos  
enche de fume a atmosfera para non ver o lixo.  
Tira ao chan cabichas ardentes de desprecio.  
Enterra as cabichas na area da praia  
coma se fosen minas persoais.  
Chegarán criaturas confiadas a xogar con elas na area.  
Virán bebés gateando a rillar tabaco  
que explotará nos seus estómagos  
para adaptarlles as vísceras a un futuro noxento.  
¡Fuma, fuma! ¡Árdelle o lixo! ¡Queima papeleiras!

¡Porca Miseria!

¡Tira todo!, titi. Non respetes nada.  
 Patea as latas de cocacola con despeito.  
 Lanza botellas de cervexa coma granadas de man.  
 Tira plástico.  
 Implicátese no plástico e baila.  
 Plastifícase e fai que te divirtes.  
 Rap, iresiste!, rip.  
 A coca non é a de Redondela.  
 Resiste movida de weekend end  
 endemoniado.  
 Vomita arrogancia polas vellas pedras da cidade.  
 Liga.  
 Inspira gasoil como perfume sexual.  
 Abrázate no ludibrio.  
 Consume sexo con fume con droga con saña.  
 Consuma a cópula do weekend end  
 endogamia sórdida.  
 Amantes lúbricos do petróleo.  
 Parirán residuos dun amor postmoderno.  
 Só o fascismo pode salvarlos.  
 ¡Porca Miseria!

Os restos da festa son coma detritos do campo  
 [de batalla.

Refugallos de morte.  
 Síndrome de alcohol.  
 O silencio despois do barullo aterrador.  
 Vermes saíndo dos vasos de plástico.

Caveiras que son latas.  
 Litronas que son misiles.  
 Arden contenedores. ¡Árdelle o lixo!  
 Virán gaivotas como preas atraídas pola inmundicia.

¡Porca Miseria!

Polas mañás, estraños seres da xeración do desperdicio  
 saen das casernas  
 e poñen os cans a cagar enriba da apocalipse.  
 Lixo sobre lixo.  
 A morte arremete coa gadaña emporcallada.  
 O lixo avanza como un holocausto que arrasa a vida.  
 O lixo golpea coma o egoísmo e a insolidariedade  
 [humana.

O lixo lixa as consciencias coma a peste.  
 Virán as ratas do fascismo a roer o desastre.  
 ¡Han vir!  
 ¡Porca Miseria!

*Non o abras como unha flor*  
*(Poesía reunida 1980 - 2004) (2004)*

Abril reventa o calendario e toma as rúas.

Aquí a palabra deixa de pedir permiso, convértese na voz común dun pobo que sobe como marea polo Miño, levando cancións e insumisión a todas as prazas.

Un sinal na radio convértese en latido colectivo e fai da noite historia.

A liberdade ten sabor de río, de olivas, de prazas cheas, de pan. Os cravos nacen tamén nos ventres, nas cociñas, nas fábricas.

Contra o medo; as alianzas, contra o fascismo, tamén; poesía.

Falar deixa de ser delito e amar deixa de ter medo. Nesta revolución, tamén hai desexo, corpos que se recoñecen libres no encontro. E así é como abril queda ardendo; unha luz vermella que non se apaga, permanece.

**Andrea Nunes Brións**

## **REVOLUCIÓN DE ABRIL**

Este abril non trae chuvias e chorimas  
trae xúbilo fraternal, concerto,  
fulgor de proclamas tanguendo o sangue  
vivaces timbres, alegros de esperanza  
verdades nas palabras, desacato  
preludios de amor.

Este abril a liberdade sabe a olivas  
e nunca esqueceremos o sabor.

Sobe a revolta, lampreas e meixón  
Miño arriba, riadas, pescadores  
rolda, cancións liberadoras  
resoando nas rúas, tabernas, predios, praças.  
Fascinante escándalo visceral.

Radio Renascença dá o sinal  
*Grândola vila morena, terra da fraternidade*  
voz veludo, José Afonso, vibración.  
Abaixo a ditadura grita o pobo  
cun vermello chafariz de cravos  
que os soldados recollen como beixos  
e gardan nos ollos ledos dos fusís  
e na roseira, brava roseira dos sorrisos.

Portugal é unha festa  
estoupido de palabras libres  
apresadas en textos clandestinos  
agora balas de amor en cada boca  
sons soberbios, caneiros soberanos, democracia  
fai do fado unha nova melodía, socialismo  
pan compartido, sabor honrado, comunismo  
abrazo por riba de valados  
revolución esplendor de abril.

Como poden os cravos ser tan flor e tan disparo?  
Cando as balas soaron como bicos?

*Havemos de ir a Viana*

a Porto e a Lisboa, meu amor.  
Fagamos da rúa unha tribuna  
do leito unha leda conmoción.  
Os beixos saben a motín vermello  
soben en sexo delirios estridentes  
fragor no leito, visceral paixón  
revolución, esplendor de abril.

*Cólera (2007)*



Porque a metáfora do parto para referirse á creación literaria pon a muller no centro do discurso e do poema, como ser que procrea pensamento e linguaxe, ser que pode (auto)xerarse mediante a escrita, ser outra a través do acto de escribir, demiúrga que crea a partir de si e da razón. Párese corpo, párese intelecto, párense palabras, párese asombro: parir o pensamento. Porque a luz da creación e a luz do raciocinio van ligadas e conflúen naquela que ben sabe que as súas iguais permaneceron tempo de máis relegadas no faiado avedido do irracional. Porque facer as palabras co sangue de seu vén sendo coma mollar no propio sangue a dura pluma, e así quixeramos escribir: poñendo a vida mesma na escrita, botando os restos na tarefa, dándoo todo, vaia. Porque aquí se revela un outro concepto de maternidade, en aliaxe con aquilo que Darwin nos negaba. Porque final climático así exposto dános a oportunidade de vernos como aleitadoras e tamén, quizais (permítanme o parónimo), aloitadoras de palabras.

**Elvira Ribeiro Tobío**

### **ESCRIBO...**

Escribo para enxendrame  
 — coma se fose outra —  
 no ovario do pensamento.  
 Para dar-me a luz  
 — e dar-me luz —  
 deslumbrada polas propias palabras.  
 Axúdoas a parir-se do meu corpo  
 itan miñas!  
 e tan outras.  
 Enfeitizada  
 míroas como á filla recién nacida  
 tan de min  
 e tan descoñecida.  
 Fago as palabras co meu sangue e me  
 asombran.  
 Falta que choren para que as  
 amamante.

*Escrita* (1993)

Lévame o poema da irmá desde o estanque materno  
 á ribeira do mar de Vigo, ás augas do areal  
 onde se bañan as amigas:

Treydes comigo a lo mar de Vigo  
 e banharmos emos nas ondas.

Non sei se elas me admitirán na clareira da luz  
 especular. Querería eu tamén abandonar a cripta,  
 fuxir do lume, evitar a confusión aniquiladora.

Fágome irmá na lectura do poema de María Xosé  
 Queizán. Confío en que ela acepte o prodixio  
 da miña metamorfose. É o poema quen me leva,  
 é a palabra feliz da “mia irmana frefosa”  
 quen me convida ao namoro dos ollos asombrados:

E miraremos las ondas

Soño este prodixio, entrégome ao rumbo  
 dunha vertixe nova, confundo a forma e o sentido  
 do meu corpo, mergúllome na fonte da nosa beleza,  
 entro con vós nas augas dun amor de mocidade  
 sen límites.

É amor de poema, felicidade de música  
 que engaiola e transforma a quen le, a causa  
 da miña desmesura. Eu son a irmá. Gocemos!

**Xosé María Álvarez Cáccamo**

**¡IRMÁ!**

¿Qué himeneo buscas  
 nesa cripta allea  
 onde te escondes?

¡Non te entregues neses vértigos!  
 ¡Non te confundas na aniquilación!  
 Escapa antes de abrasarte.  
 Ven á miña luz  
 especular  
 espacio da nai  
 fonte da nosa beleza.  
 ¡Irmá!, báñate comigo  
 no estanque materno.  
 ¡Gocemos!

*Metáfora da metáfora (1991)*

Hai un lugar, apenas explorado, que atesoura singulares mecanismos, trebellos, artefactos nos que a resistencia restableceu a desorde, a intelixencia o desafío, a palabra o desacato. Nese espazo de ritmos disonantes, as diccións suspenden as maiúsculas, afirmanse habilidades insignificantes con chintófanos irrelevantes: agulla, fíos, tesoiras, ganchos e alfinetes, algún dedal... Aí a engrenaxe clásica sucumbe a unha nova materialización do desexo e o texto desdobra o oco no que medrou. O *filtré* enreixa aquela moral suprema, o seu ollo inmenso, ese gran dispositivo de control. Nese espazo un silencio clamoroso anuncia o descaro e a infracción. Se o abres, se abres un deses cestos de labor, derrámanse as uvas da ira das pensadoras, as estranxeiras do logos, co seu viño novo, anegan a nova razón do poema. É a insubordinada potencia emancipada da poesía de María Xosé Queizán.

**Ana Romaní**

### **EXILIADAS DA PALABRA**

¡Silencio! ordenaron  
e as pensadoras gardaron os segredos  
en cestos de labor  
coas tesouras das ansias  
e o filtré dos bicos que habían dar como palabras.

¡Silencio!  
En boca calada non entran moscas,  
dixeron, ceibando moscas pola boca.

Pero no lagar da boca  
das estranxeiras do logos  
esmáganse as uvas da ira.

Sairán co viño novo.

*Fóra de min* (1994)

Queizán foi durante moito tempo a solitaria,  
 a singular e a repudiada por erguer a palabra  
 contra o herdo patriarcal (a Igrexa, a familia,  
 Os EscritorOs) que a outras foi dando unha certa  
 acollida. Este poema rescata estas facetas para situar  
 a palabra ao nivel do corpo, para rachar coa división  
 e a dicotomía imposta por filósofos e poetas  
 dende os seus corpos de homes tan omnipresentes  
 que se fixeron invisibles para marcar só  
 os das mulleres. O poema rebélase, rexeita a acollida  
 na facenda dos homes para reclamar a das mulleres.  
 A forza vital da escrita de Queizán lémbra-nos a forza  
 da palabra para (auto) crear (se / nos).

**María Reimóndez**

E o verbo fíxose carne para facerme Deus.  
*Angela de Foligno*

**E O VERBO FÍXOSE CARNE**  
 o significante fíxose corpo  
 significado.

A amante rasgou o sudario  
 voltou á vida  
 das palabras.

¡Poderosa lingua!

*Metáfora da metáfora (1991)*

Escollín este poema de *Cólera* pola emotiva representación poética que fai a Queizán do sucedido en Compostela na tarde do 25 de xullo de 1969. Eu estaba alí e, léndoo agora, lembrei a represión da ICE en Minneapolis contra os emigrantes. A denuncia poética daquel día ten actualidade.

A poeta refírese á carga policial na saída da misa de Rosalía na igrexa de San Domingos de Bonaval. Aínda me emociona recordar aqueles momentos.

Ó rematar a misa, había catro furgóns da policía armada fronte á igrexa. Disimulando o medo que tiñamos, ficamos no adro falando e alguén comezou a cantar «Venceremos nós», que se convertera nun himno contra a represión franquista. Algunhas persoas unímonos á canción e, cando estabamos a dicir “Desde o fondo da ialma dime o corazón...”, varios policías enfurecidos saíron dos furgóns correndo cara a nós coas porras na man para baternos no lombo, nas pernas, onde cadrase. Aqueles bárbaros deixaron de darnos paus cando Xaime Isla se confrontou a eles preguntándolles por que nos batían.

O poema é unha escena da represión da Ditadura franquista. Mais daquela era un tempo de esperanza en vencer a Ditadura; esperanza que hoxe nos falta ante o xenocidio do pobo palestino e a onda de fascismo que invade o mundo.

### **Camiño Noia**

### **DÍA DE GALICIA DO ANO 1969**

Venceremos nós este combate matando coas palabras tanto crime. Enxugaremos o sangue das cunetas co lenzo afogueado da xustiza.

Venceremos nós cantamos en Santiago no planalto de Santo Domingo. Vermellas voces brotan contundentes arroutado chafariz de compromiso no serán daquel día de Galicia.

As bestas vixiantes sentíronnos a forza, a fusión febril do canto altivo oración dos veteranos saíndo da misa co desafío xuvenil no adro. A orde foi precisa, cargar, cargar con forza disolver a insólita comunión facer rodar os banzos en tropel mancar coa forza bruta calarnos as notas na gorxa facernos tragar o venceremos nós coas duras porras. A xente golpeada chanzo a chanzo os maiores aos tombos, indignados ante sátiros grises violenta covardía automatismo cruel.

Venceremos nós, we shall overcome,  
clamor universal  
canto solidario, guindastre  
que nos dá azos  
para alzarnos sobre a humillación.

Quen había dubidar da evidencia?  
Venceremos.

*Cólera (2007)*



Este poema constitúe unha das formulacións máis penetrantes do pensamento crítico de María Xosé Queizán arredor da representación literaria da muller. A autora emprende unha operación de desmontaxe simbólica do arquetipo da “musa”, esa figura idealizada e silenciosa que a tradición literaria — construída maioritariamente desde unha ollada masculina — elevou á categoría de obxecto estético, ao tempo que lle negaba condición de suxeito.

Queizán evidencia que a literatura clásica non ama a muller concreta, histórica e corpórea, senón unha proxección sublimada: unha abstracción purificada de toda materialidade, allea ao pelo, ao gran, á engurra ou ao cansazo. A idealización, lonxe de ser unha forma superior de admiración, revélase como un mecanismo de invisibilización e deshumanización da muller. Ao reivindicar aquilo que o canon considera “imperfección”, Queizán subverte a xerarquía estética tradicional e transforma o corpo real en territorio de liberdade.

O poema non só cuestiona unha tradición literaria, senón que propón unha ética da mirada. Trátase dunha invitación a existir fóra do desexo proxectado polos outros e a reclamarnos como seres íntegros, amables.

Verdadeiras.

**Miriam Ferradáns**

**A AMANTE NUNCA TEN DENTES POSTIZOS**

graus no nariz  
pelos nas coxas  
gorduras nos cadrís.  
Á amante nunca lle inchan os ollos ao dormir.  
O poeta ama a perfección  
non te ama a ti.  
Es idealización  
mito  
metáfora da metáfora.

De non seres perfecta como te amarían?

*Metáfora da metáfora (1991)*

Moita xente, en maior ou menor medida,  
temos sentido a turbación da ansia de liberdade.  
Turbación causada por un ambiente opresor  
en momentos aciagos do pasado, mais tamén  
noutros máis recentes cando a nosa sociedade,  
lonxe de se librar da súa inercia consuetudinaria,  
parece vivir aínda inmersa en tópicos xa rancios  
e unha nova época asoma personificada por xente  
errante e menesterosa, isto é, polos novos visitantes  
nómades. Estes non son libres, pois veñen gañar  
a vida, mais algúns, co seu cariz, cos seus movementos,  
insuflan como un aquel de frescor e unha peculiar  
independencia vital.

No poema “Nómada” eu admiro a depuración,  
a mestría con que son vertidas esas sensacións  
a través do paralelismo “só ti”, nómade, que parece  
traer a mudanza, a desexada eclosión, a liberación  
(“desatrácame”), a ingravidez que devirá da renuncia  
ao marasmo da nosa vida cotiá.

### **Xavier Baixeras**

### **NÓMADA**

Levas o corpo apoiado na brisa  
na vida que se depraza como un sopro  
no camiño do ar libre  
libre.

Habitamos o mesmo espacio  
respiramos o mesmo ar.  
Só ti flotas.

Levas o corpo navegante  
na nao náufraga do pensamento  
na onda inqueda que fai vacilar a orde  
o que dirán  
a conveniente garantía da nosa existencia.  
Só ti es trebón.

Levas o corpo desligado e provocas  
a miña ansia de flotar  
de asumir a orixe e o infinito  
o marxinal e o móvil  
de entrar sen cuidado no bosco mental.  
Só ti mudanza.

¡Leva o meu corpo co teu nesa onda  
nómada!  
¡Desatrácame!

Renuncio a ser peso morto.

*Fóra de min (1994)*

## A ESCRITA SEN LÍMITES

**Marilar Aleixandre**

Directora da Sección de Literatura

Real Academia Galega

Feminismo, María Xosé Queizán, cando ti comezaches a escribila, a pronunciala en alta voz, era unha palabra proscrita. Dicían que cando acabase a ditadura, non antes, chegaría o momento de ocuparse das cousas das mulleres. Guindábante, guindábannos, feminista como un insulto, unha descualificación.

Erguiches a túa escrita que desborda os límites, creba os marcos, brinca sobre valados e muros. Racha o silencio. O silencio pechando a voz das mulleres, querendo negar o pensamento das mulleres. Erguiches escrita e vida, o activismo pola lingua, polo país, e sobre todo polas vidas e dereitos das mulleres.

O silencio sobre a túa escrita, sobre *Recuperemos as mans*, non puido vencerte. A túa voz certifica que o pensamento feminista é pensamento, que a poesía pode ser un manifesto feminista, que se a violencia contra as mulleres se inscribe nos corpos, é dado recuperar os corpos e as mans para levar a cabo a revolución feminista.

Debémosche a teimosía en denunciar os mullericidios, os asasinatos de mulleres durante tantas décadas ignorados. Debémosche o converter a palabra silenciada das mulleres nunha *Festa*. A reivindicación do noso dereito á felicidade, á alegría, na túa escrita sen límites.

## ACTUACIÓN MUSICAL



Kim Manresa

### Uxía Senlle

Uxía é considerada a gran dama da música galega. Nos seus case 40 anos de carreira artística, renovou a música tradicional galega conectándoa coas culturas atlánticas, mesturando alalás con morna, fado e ritmos brasileiros.

Dende a súa estrea con *Foliada de marzo* en 1986, o seu traballo representa un punto de encontro de diferentes culturas, e creou o seu repertorio a través das súas continuas viaxes e intercambios con músicos do Brasil, Portugal, Cabo Verde ou Guinea-Bissau, como João Afonso, Dulce Pontes, Rui Veloso ou Tito Paris.

Publicou doce discos polos que recibiu importantes recoñecementos, entre os que destacan o Premio da Crítica Galicia 2016 ou o Premio ao Mellor Álbum de Música de Raíz nos Premios de la Música Independente de España por *Meu canto*, seleccionado tamén como *Top of the World* pola revista británica *Songlines*. Entre outros proxectos, é a directora artística e alma mater do Festival Internacional da Lusofonía *Cantos na maré*.

<https://uxia.net/>

**ELA** ten a forma das miñas mans  
 Ela ten a cor dos meus ollos  
 Ela fúndese na miña sombra  
 dixo o poeta.

Ela non existe.

*Metáfora da metáfora (1991)*

## **SUBVERSIÓN**

Escribo para darlle a volta ao mundo.

Deixo a terra onde está  
 — non vaia alterar o teu corpo  
 e o equilibrio das nosas olladas —  
 Quero a terra a ras de terra  
 coma nós  
 e o meu país de pedras  
 asentadas no meu centro  
 coma ti.  
 E as augas que lamben as pedras  
 imamas pracenteiras!  
 e mollan a terra:  
 iesponxada vulva!

Escribo para alterar a orde celeste  
 que nos obriga a vagar  
 incertas, leves,  
 para o abismo.  
 Escribo para negar o ceo.  
 Sibilina.  
 Exclúo do ceo os astros e as estrelas.  
 Son pedras obstinadas  
 materia  
 madres que nos devolven as miradas  
 nas noites enamoradas.

Escribo para negar a morte  
 en vida.  
 Escribo para vivírmonos.

*Escrita (1993)*

## A QUEIZÁN

Escribe para negar o ceo  
sen perder nin un segundo,  
con humor e co desexo  
de darlle a volta ao mundo.

Escribe e vomita palabras  
que nos feren coma dardos,  
indómita poeta,  
que fai o que lle peta.

Ela sen tacóns  
é corpo libre,  
libre para bailar,  
toda mel e almibre.

Ollos de mar  
e voz de nena,  
de fondo pensamento  
para voar sen pena.

*Balayer pour toujours  
tout le bien, tout le mal,  
et danser, danser toujours  
comme un cheval dans le vent.*

A Queizán non é banal,  
ela é de armas tomar;  
A Queizán é *femme fatale*,  
sabe ben o que é amar.

Letra e música: *Uxía*





## ÍNDICE

- 6 Henrique Monteagudo **Alzar a voz para furar o silencio**  
8 Margarita Ledo Andión **Poesía - pensamento, esa doa que rola até nós**

### TEXTOS

- 20 Marilar Aleixandre **Prefiro o bico da serpe**  
22 Rexina Vega **Logos - Grito**  
24 Marga do Val **Amar a Che Guevara**  
28 Manuel Forcadela **IV poemas a Rosalía. I**  
30 Fina Casalderrey **Porca miseria**  
34 Andrea Nunes Brións **Revolución de abril**  
38 Elvira Ribeiro Tobío **Escribo...**  
40 Xosé María Álvarez Cáccamo **¡Irmá!**  
42 Ana Romani **Exiliadas da palabra**  
44 María Reimóndez **E o verbo fíxose carne**  
46 Camiño Noia **Día de Galicia do ano 1969**  
50 Míriam Ferradáns **A amante nunca ten...**  
52 Xavier Baixeras **Nómada**

### CODA

- 54 Marilar Aleixandre **A escrita sen límites**  
80 **Actuación musical** Uxía Senlle

Ela

Subversión

A Queizán (Letra e música: Uxía)

17 de marzo de 2026,  
celebramos a poesía de  
María Xosé Queizán



No Día da poesía rendemos merecida homenaxe a quen despregou o seu excepcional pulo creativo nunha obra copiosa e asombrosamente polifacética: ensaísta, narradora, articulista, dramaturga, tradutora, guionista... Celebramos a poeta vibrante, a muller, que alzou a súa voz para furar o silencio.

Q